
PROLETERKA

Texto de FLEUR JAEGGY

Tradución de ANTÓN BLANCO CASÁS

Ilustración de portada de MAURICIO ANTÓN

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 116 páx. 13 €
ISBN 978-84-19213-17-4. Narrativa K. Factoría K de Libros.

PREMIO DONNA CITTÀ DI ROMA (2001)
PREMIO VAILATE ALBERICO SALA (2001)
PREMIO VIAREGGIO (2002)
PREMIO VITTORINI (2002)

*Pasaron moitos anos, pero esta mañá teño un desexo imprevisto:
querería ter as cinzas de meu pai.*

*Despois da cremación, mandáranme un pequeno obxecto
que resistira o lume. Un cravo. Rescatáranlo intacto.*

Pregúntome se realmente o chegaron a gardar no peto do traxe.

*Ten que arder con Johannes, dixéralles aos traballadores
do crematorio. Non tiveron que sacalo do peto. Nas mans
veríase demasiado. Hoxe quería as cinzas. Sería unha urna
como outras tantas. O nome gravado sobre unha tarxeta.*


*Así como as placas dos soldados. Como é que ata agora
Non se me viñera en mente pedir as cinzas?*

Un grupo de turistas está a piques de embarcar no Proleterka, un buque iugoslavo atracado en Venecia que iniciará en breve a singradura cara a Grecia. Os últimos en cruzar a pasarela son unha adolescente de quince anos e o seu pai. Entre ambos os dous hai un distanciamento total e, ao mesmo tempo, un estraño vínculo que se remonta a un escuro tempo remoto.

Durante esta viaxe iniciática, a filla desexa saber algo máis sobre Johannes, un home ao que apenas coñece, pero, sobre todo, gustaríalle descubrir esoutra cousa incógnita: a vida como experiencia, ata entón só imaxinada dende dentro dos muros do internado, onde medrou sen o afecto da familia.

Varios anos despois, aquel cruceiro fica considerado como unha metáfora da vida e unha viaxe á terra dos mortos, que “chaman cando senten que nos convertemos en presas e é hora de ir de caza”.

Delicada e precisa, «Proleterka» é unha novela breve e chea de simbolismos que, a través dos recordos e das emocións dos protagonistas, aborda a incerteza, o resentimento, a dor familiar e a desconfianza, escrita cun estilo contido e sucinto, seco e directo, pero tamén intenso e conmovedor.



■ **Temática:** cruel historia familiar entre un pai e a súa filla.

■ **Destinatarios:** lectores adultos.

■ **Aspectos destacables:** Premio Donna Città di Roma, entre outros; emocións, recordos, ausencias; simbolismo.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/proleterka-g>

Fleur Jaeggy

(Zürich, Suíza, 1940)

Escritora e tradutora. Pasou a súa infancia e adolescencia en varios internados suízos. Tras unha breve carreira como modelo, trasladouse a Roma nos anos 60, onde estableceu unha estreita amizade coa escritora austríaca Ingeborg Bachmann e coñeceu algúns dos principais escritores da época, como Thomas Bernhard. En 1968 instalouse en Milán, onde segue a residir, e casou con Roberto Calasso, director de Adelphi, editorial coa que Jaeggy publica as súas obras en italiano. Ademais do seu traballo como escritora, tamén desenvolveu unha notable carreira como tradutora de autores como Marcel Schwob ou Thomas de Quincey. Tamén publicou relatos, ensaios literarios, obras de teatro e letras de cancións en alemán e italiano. Considerada unha autora de culto, os seus libros traducíronse a máis de dezaioito idiomas.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com
